




CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO, E O COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA, RELATIVO Á CONVOCATORIA DUN CONCURSO PARA O DESENVOLVEMENTO DUNHA GUIA DE COR E MATERIAIS NAS DOCE GRANDES ÁREAS PAISAXÍSTICAS DO CATÁLOGO DAS PAISAXES DE GALICIA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO, E O COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA, RELATIVO Á CONVOCATORIA DUN CONCURSO PARA O DESENVOLVEMENTO DUNHA GUIA DE COR E MATERIAIS NAS DOCE GRANDES ÁREAS PAISAXÍSTICAS DO CATÁLOGO DAS PAISAXES DE GALICIA

En Baiona, a 21 de xuño de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, a señora dona Beatriz Mato Otero, Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 122/2015, do 4 de outubro, publicado no Diario Oficial De Galicia do nº 190 do 5 de outubro de 2015, que actúa en nome e representación da Comunidade Autónoma de Galicia, facultada polo disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, e coma Presidenta do Instituto de Estudos do Territorio, no exercicio das facultades conferidas polo artigo 12 e 13.1 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro, polo que se aproban os seus estatutos,

E doutra, D. Antonio Maroño Cal, na súa condición de Decano-Presidente do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG), actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 11 dos Estatutos Xerais dos Colexios de Arquitectos e do seu Consello Superior, aprobados polo RD 327/2002, do 5 de abril, BOE nº 95 do 20 de abril, e artigo 38 a) dos seus Estatutos Particulares, aprobados por Decreto 293/1999, do 28 do outubro, DOG nº 221, do 16 de novembro.

As dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal necesaria e,

EXPOÑEN

PRIMEIRO

Que a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a través do Instituto de Estudos do Territorio, organismo creado pola Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, en virtude do mandato recollido na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, e cuxos estatutos foron aprobados polo Decreto 244/2011, do 29 de decembro, exerce entre outras funcións, a da posta en marcha de instrumentos para a protección, xestión e ordenación das paisaxes de Galicia, tales como os catálogos e as directrices de paisaxe, así como a recollida no artigo 10 f) da Lei 6/2007, do 11 de maio, modificado pola lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia.

SEGUNDO

A Lei 11/2001, do 18 de setembro, de Colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, establece no seu artigo 7.3 que a Comunidade Autónoma de Galicia poderá subscribir convenios de colaboración cos Colexios profesionais para a realización de actividades de interese común e para a promoción de actuacións orientadas á defensa do interese público e, en especial, dos usuarios dos servizos profesionais dos Colexiados.

O Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, desde fai hai anos, vén desenvolvendo cometidos de recolleita de información e aposta tecnolóxica, sobre temas de interese da edificación, urbanismo e a paisaxe para os seus Colexiados e para o público en xeral, así como colaborando coa Xunta de Galicia.

TERCEIRO

A Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, ten por obxecto o recoñecemento xurídico, a protección, a xestión e a ordenación da paisaxe de Galicia, entendendo que a paisaxe ten unha dimensión global de interese xeral para a comunidade galega, conforme o Convenio europeo da paisaxe, aprobado en Florencia o 20 de outubro de 2000 a proposta do Consello de Europa, que entrou en vigor o 1 de marzo de 2004, e foi ratificado polo Estado español mediante o Instrumento do 28 de xaneiro de 2008.

O artigo 5 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, establece que os poderes públicos de Galicia velarán para que, no ámbito das súas competencias, se adopten as medidas específicas necesarias para a protección, xestión e ordenación da paisaxe e, no seu capítulo III, establece os instrumentos para conseguilo. Entre eles, os catálogos da paisaxe, definidos no seu artigo 9 como os documentos de referencia que, apoiándose nas distintas áreas xeográficas, morfolóxicas, urbanas e litorais existentes no territorio galego, deberán delimitar, con base nos diferentes estudos e traballos existentes na materia, as grandes áreas paisaxísticas de Galicia, identificando os diversos tipos de paisaxe existentes en cada unha delas e as súas características diferenciais. O contido dos catálogos da paisaxe aparece recollido neste mesmo artigo.

A disposición derradeira segunda da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, modifica o artigo 10 da Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, e establece que é función do Instituto de Estudos do Territorio, entre outras a de delimitar as grandes áreas paisaxísticas sobre as que se desenvolverán os catálogos da paisaxe e elaborar os catálogos da paisaxe de Galicia.

Neste sentido resulta imprescindible para complementar as directrices da paisaxe a realización dun documento a modo de guía que determine as liñas a seguir en materia de cores e materiais nas construcións existentes no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, tendo en conta que tanto a cor como o material inciden de forma directa na composición da nosa paisaxe.



CUARTO

Que é de interese común de ambas partes, actuar de forma coordinada na realización de traballos de natureza técnica e documental que permitan investigar e avanzar no desenvolvemento de documentos de apoio para a súa posterior aplicación práctica na paisaxe de Galicia, para a súa utilización pola propia Consellería, a tódolos profesionais interesados, e a sociedade galega en xeral.

QUINTO

O Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia presenta, polo tanto, unha sintonía cos obxectivos da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, así como complementariedade dos medios e mecanismos concorrentes para a súa consecución, quedando acreditada a súa representatividade no ámbito obxectivo do convenio atendendo ás seguintes circunstancias:

- que o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia ten entre os seus fins esenciais de acordo co establecido nos seus Estatutos, realizar as prestacións de interese xeral propias da Arquitectura e do Urbanismo que considere oportunas ou que lle encomenden os poderes públicos conforme á Lei.
- que o ámbito territorial do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia abrangue o de toda a Comunidade Autónoma de Galicia con carácter de Colexio Profesional único, e, como tal, asume para a profesión as funcións atribuídas ós Consellos Galegos de Colexios, e atendendo á súa representatividade, derivada do deber de colexiación como requisito legal para o exercicio da profesión de Arquitecto en Galicia.

A elaboración dunha guía de cor e materiais nas doce grandes áreas paisaxísticas do catálogo das paisaxes de Galicia, obxecto de este convenio, constitúe un traballo que dende o posto de vista técnico debe desenvolverse por arquitectos dado que as súas atribucións profesionais conxugan os aspectos relativos á construción cos que atinxen á consideración estética e compositiva, propia das artes.

Así ao abeiro de todo o exposto, no exercicio das funcións que lles son propias, as partes asinantes outorgan o presente convenio de colaboración con base ás seguintes

CLAÚSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións de colaboración entre a Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a través do Instituto de Estudos do Territorio, e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, aos efectos de elaborar a guía de cor e materiais nas doce grandes áreas paisaxísticas definidas no catálogo das paisaxes de Galicia.

A finalidade da Guía de Cor e Materiais de Galicia é a redacción duns criterios e directrices técnicas, científicas e obxectivas para a regulación do emprego da cor e os materiais de revestimentos arquitectónicos nas paisaxes urbanas e rururbanas das doce Grandes Áreas Paisaxísticas de Galicia. Estas pautas de composición para edificacións estarán orientadas a

acadar unha axeitada integración paisaxística e así contribuír a unha maior calidade dos espazos públicos urbanos e do medio rural.

Esas pautas centraranse nos tipos de materiais máis recomendables para os diferentes elementos das construcións e edificacións, así como nas gamas ou paletas de cores máis congruentes coas características das contornas (urbanas ou rurais) nas que se vaian empregar. Para elo será preciso documentar a realidade existente na paisaxe urbana de cada área paisaxística, identificando as principais tipoloxías de fachada. A partir desta análise e diagnose previa elaborárase unha carta de cores e materiais locais para cada unha das grandes áreas paisaxísticas.

A Guía de Cor e Materiais de Galicia procurará analoxías coa arquitectura popular galega de cada área paisaxística, podendo ademais propoñer novas cores e materiais que harmonicen coa paisaxe construída. Trátase de configurar un conxunto de cores e materiais "deseñado" a partires dos empregados historicamente en cada rexión xeográfica, pero ampliados para permitir unha arquitectura aberta a novas achegas e contrastes equilibrados e harmónicos.

A guía plasmarase nunha serie de recomendacións e propostas prácticas, que terán un carácter orientativo, e que poderán servir de fundamento e axuda para que os plans urbanísticos e os instrumentos de ordenación do territorio as concreten, para ámbitos territoriais menores, e por tanto dunha forma máis detallada e cun alcance normativo.

SEGUNDA.- DESENVOLVEMENTO DAS ACTUACIÓNS

O desenvolvemento da guía de Cor e Materiais de Galicia basearase nas 12 grandes áreas paisaxísticas delimitadas no Catálogo das Paisaxes de Galicia, cuxo plano se recolle no Anexo I.

Recoñecendo as diferentes características das 12 áreas e a súa repercusión na complexidade e dificultade para o desenvolvemento da mencionada guía, realizouse unha análise que, tendo en conta a superficie total, a superficie construída, a feita en solo urbano, número de entidades de poboación e número de entidades do sistema de asentamentos das DOT, determinou dous grados de dificultade para esta análise:

- A. As áreas de: Rías Baixas, Golfo Ártabro; Galicia Central; e Chairas e Fosas Luguesas.
- B. As restantes grandes áreas paisaxísticas, e dicir: Serras Orientais; Serras Surorientais; Chairas, Fosas e Serras Ourenás; Ribeiras Encaixadas do Miño e do Sil; Costa Sur-Baixo Miño ; Chairas e Fosas Occidentais; Galicia Setentrional; A Mariña-Baixo Eo

A partir desta análise estruturouse o desenvolvemento da guía na convocatoria dun concurso a realizar polo COAG para a selección de seis equipos para facer a guía de cor e materiais nas doce grandes áreas paisaxística do Catálogos das paisaxes de Galicia, segundo as bases reflectidas nos Anexos II e III.

A selección dos equipos levarase a cabo por un xurado conformado paritariamente por representantes do COAG e da CMAOT.

O Xurado encargado da selección estará formado por:

- Por parte do IET:
 - A Directora do IET, ou persoa en quen delegue.



- Un técnico experto en paisaxe
- Un técnico experto en urbanismo
- Por parte do COAG
 - Sr. Decano do COAG ou persoa en quen delegue da súa xunta de goberno.
 - O Presidente da comisión colexial de urbanismo, territorio, administración local e función pública do COAG ou persoa en quen delegue.
 - Un experto en paisaxe ou deseño urbano
- Actuará como Secretario, con voz e sen voto, un funcionario do IET.

Unha vez seleccionados os 6 equipos, o COAG levará a cabo as seguintes actuacións:

- 4 Contratos celebrados polo COAG para o desenvolvemento da guía nunha área A e nunha área B
- 2 Contratos celebrados polo COAG para o desenvolvemento da guía en dúas áreas B cada un.

TERCEIRA. COMPROMISOS DO COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA

O Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, obrígase en función do presente Convenio a:

- A convocatoria do concurso de conformidade coas bases reflectidas no Anexos II e III.
- Difundir por todos os medios ao seu alcance o procedemento selectivo entre todos os arquitectos colexiados de Galicia, co fin de acadar a mais e mellor participación deles.
- Ofrecer información aos participantes na convocatoria para a redacción das súas respectivas propostas.
- Contratar os seis equipos seleccionados para os traballos que conforman a guía definidos na cláusula dúas do convenio así como a posta a disposición dos mesmos ao IET.
- Seguimento das entregas dos traballos contratados para que cheguen a bo fin.
- Aboar os traballos unha vez finalizados de conformidade coas bases .
- Entregar ao IET o traballo final dos seis equipos.

CUARTA. COMPROMISOS DO IET

O IET, obrígase en función do presente Convenio a:

- Prestar a colaboración técnica que se requira ao COAG, para a realización do procedemento de selección de seis equipos para facer a guía de cor e materiais nos doce catálogos das paisaxes de Galicia, con especial atención no asesoramento en cuestións relativas á viabilidade técnica e á coherencia da guía a elaborar co catálogo de paisaxes de Galicia
- Colaborar co COAG para facer os requirimentos técnicos do procedemento de selección, como poden ser: área á que se opta, composición do equipo, contido e extensión do seu currículo, ficha técnica de cómo entende o traballo a facer sobre guía de cor e materiais, etc.
- Contribuír financeiramente á compensación dos gastos asumidos polo COAG, de conformidade coa cláusula quinta.

QUINTA. FINANCIAMENTO

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a través do Instituto de Estudos do Territorio, co fin de facilitar a execución conxunta das accións, aportará durante o prazo de vixencia do convenio a cantidade máxima de **163.350,00 €** (cento sesenta e tres mil trescentos cincuenta euros), coma achega pola realización das accións e gastos en que incorra o COAG, a aboar, con cargo á aplicación orzamentaria 2016 07 81 541E 640 1 (código de proxecto 2014 00003).

O importe máximo a aportar polo IET desglósase do seguinte xeito:

- Convocatoria do concurso de selección de propostas de integración de cor e materiais feito polo COAG de común acordo co IET: ata **6.050,00 €**
- 4 Contratos celebrados polo COAG para o desenvolvemento da guía nunha área A e nunha área B: ata **30.250,00 €/contrato**
- 2 Contratos celebrados polo COAG para o desenvolvemento da guía en dúas áreas B: ata **18.150,00 €/contrato**

As cantidades aboaranse ao COAG, de acordo ao seguinte:

- Unha vez rematado o procedemento selectivo dos equipos, aboarase ao COAG a compensación polo gastos nos que incorrera, ata un máximo de 6.050 €.
- Unha vez executados e facturados os traballos polos equipos contratadas, o IET aboará ao COAG o custo dos mesmos co límite establecido no apartado anterior.

SEXTA.- ORZAMENTO E PAGAMENTO

O orzamento deste convenio está desagregado no Anexo IV .

Para a realización dos pagos estarase ao seguinte:

- Aboamento do importe previsto xustificarse mediante presentación da seguinte documentación:
 - Factura do COAG por cada unha das actuacións.
 - Xustificantes de gasto polas accións realizadas (contratos, facturas, etc)
 - Informe detallado de tódalas actuacións e dos gastos que orixine a execución das actividades previstas neste convenio.
 - Certificado asinado polo Decano do COAG onde se exprese que por parte do Colexio Oficial de Arquitectos se realizaron a totalidade das actividades, obxecto do convenio, e que se cumpriron todas as súas obrigas.
 - Documentos en formato papel e electrónico
- Determinínase coma data límite de xustificación o 30 de outubro 2016.

SÉTIMA.- PROPIEDAD INTELECTUAL

A propiedade intelectual dos traballos resultantes, será compartida polas dúas partes asinantes deste convenio: a Consellería de Medio Ambiente e o COAG, os cales se comprometen a empregala dentro dos fins que lle son propios.



OITAVA.-VIXENCIA

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá vixencia ata o 30 decembro de 2016, salvo prórroga por acordo mutuo das partes antes da súa finalización para o cumprimento da finalidade nel establecida.

NOVENA.- RELACIÓNS LABORAIS

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e o Instituto de de Estudos do Territorio e a Xunta de Galicia, de tal modo que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia do presente Convenio.

DÉCIMA. PUBLICIDADE

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

UNDÉCIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, creárase unha comisión mixta de seguimento, composta por dous membros de cada unha das entidades asinantes. Dita comisión actuará como mecanismo conxunto de plena efectividade e reunirse a petición dunha das partes. En caso de discrepancia, e en última instancia, resolverán os órganos xurisdicionais competentes.

Esta comisión mixta desenvolverá os obxectivos que xustifican o asinamento deste convenio, cumprindo de modo específico as seguintes funcións:

- Interpretar e aplicar, con carácter xeral, as estipulacións deste convenio, así como controlar o seu cumprimento e resolver os conflitos entre as partes.
- Propoñer addendas ou modificacións a este convenio para que sexan aprobados polos órganos competentes.
- Seguimento das actividades contempladas no presente convenio

A comisión mixta de seguimento reunirse con motivo do seguimento do traballo na periodicidade que se estime necesario convocar.

DUODÉCIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DO CONVENIO

As partes poderán denunciar ou modificar o presente convenio en calquera momento por acordo mutuo. A denuncia por unha das partes do presente Convenio deberá comunicarse por escrito á outra parte con tres meses de antelación á data na que se vaia a dar por finalizado.



Son causas de resolución do presente convenio:

- a) O incumprimento total ou parcial do seu clausurado.
- b) O transcurso do tempo sen rematar as actividades acordadas.
- c) Por resultar inviable a realización das actuacións descritas neste Convenio por causas non imputables ás partes.
- d) A denuncia de calquera das partes
- e) O mutuo acordo.

O incumprimento dalgunha das cláusulas deste convenio poderá dar lugar ó reintegro total ou parcial das cantidades recibidas.

DÉCIMOTERCEIRA.- COMPETENCIAS DE INTERPRETACIÓN E RESOLUCIÓN

No presente convenio, que ten natureza administrativa, correspóndelle á Xunta de Galicia, previo os informes e actuacións pertinentes, ostentar a prerrogativa da súa interpretación e resolver as dúbidas que xurdan sobre o seu cumprimento, sendo os acordos neste senso inmediatamente executivos. A competencia, para coñecer da impugnación dos seus acordos, correspóndelle a xurisdición contencioso - administrativa.

O presente convenio está excluído do ámbito de aplicación do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, se ben segundo especifica no artigo 4.2 do citado texto legal, ao non previsto aplicaráselle os principios recollidos no devandito Texto Refundido, co fin de resolver as dúbidas e omisións que puidesen presentarse

En proba de conformidade asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, no lugar e data ao comezo citado.

Pola Xunta de Galicia
A Conselleira de Medio Ambiente e
Ordenación do Territorio e Presidenta do IET



Beatriz Mato Otero

Polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia
O Decano-Presidente


Antonio Maroño Cal

ANEXO I

ÁREAS DO CATÁLOGO DAS PAISAXES DE GALICIA. PLANO



Grandes Áreas Paisaxísticas

- | | |
|--|-------------------------------|
| ■ Serras Orientais | ■ Galicia Central |
| ■ Serras Surorientais | ■ Rías Baixas |
| ■ Chairas e Fosas Luguesas | ■ Chairas e Fosas Occidentais |
| ■ Chairas, Fosas e Serras Ourensás | ■ Golfo Ártabro |
| ■ Ribeiras Encaixadas do Miño e do Sil | ■ Galicia Setentrional |
| ■ Costa Sur - Baixo Miño | ■ A Mariña - Baixo Eo |

- Taller de participación

ÁREAS DO CATÁLOGO DAS PAISAXES DE GALICIA. INFORMACIÓN

GRANDES ÁREAS PAISAXÍSTICAS

- I. Serras Orientais ÁREA B** (provincia de Lugo) LU
Concellos: Pontenova, Riotorto, Meira, Ribeira de Piquín, Baleira, A Fonsagrada, Negueira de Muíiz, Baralla, Becerreá, Navia de Suarna, Láncara, Triacastela, As Nogais, Cervantes, O Incio, Samos, Pedrafita do Cebreiro, A Pobra do Brollón, Folgoso do Courel e Quiroga
- II. Serras Surorientais ÁREA B** (provincia de Ourense) OU
Concellos: Comarcas de Terra de Trives, Terra do Bolo e A Gudiña-Riós. A comarca de Terra de Trives ocupa os concellos de Chandrexa da Queixa, A Pobra de Trives, Manzaneda, Vilariño de Conxo e parcialmente Laza, Castrelo de Val, San Xoán de Río, Montederramo e Viana do Bolo. A comarca de Terra do Bolo ocupa parcial ou totalmente os concellos de Carballeda de Valdeorras, A Veiga, Viana do Bolo e O Bolo. A comarca de A Gudiña-Riós ocupa parcial ou totalmente os concellos de A Gudiña, Riós, A Mezquita, Vilardevós e Castrelo de Val.
- III. Chairas e Fosas Luguesas ÁREA A** (provincia de Lugo) LU
Concellos: Ocupa parcial ou totalmente os concellos de Xermade, Vilalba, Abadín, A Pastoriza, Guitiriz, Begonte, Cospelto, Castro de Rei, Pol, Meira, Friol, Outeiro de Rei, Rábade, Lugo, Castroverde, Palas de Rei, Guntín, O Corgo, Baralla, Monterroso, Portomarín, O Páramo, Láncara, Baralla, Taboada, Chantada, Carballedo, Paradelá, Sarria, Samos, O Incio, Bóveda, Pantón, Monforte de Lemos, A Pobra de Brollón, O Saviñao e Sober.
- IV. Chairas, Fosas e Serras Ourensas ÁREA B** (provincia de Ourense) OU
Concellos: Cinco comarcas paisaxísticas: Baixo Arnoia, Alto Arnoia, Baixa Limia, Alta Limia e Verín. A comarca Baixo Arnoia ocupa parcial ou totalmente os concellos de Padrenda, Pontedevea, Cortegada, Gomesende, Cartelle, Ramirás, A Merca, A Bola, Vereia e o norte de Bande. A comarca Alto Arnoia abrangue partes dos concellos de Allariz, Xunqueira de Ambía, Baños de Molgas, Maceda, Esgos, Xunqueira de Espadafredo, Montederramo, Castro Caldelas, Vilar de Barrio e Laza. A comarca Baixa Limia ocupa parcial ou totalmente os concellos de Entrimo, Lobios, Lobeira, Muíños e sur de Bande. A comarca Alta Limia ocupa aproximadamente os concellos de Rairiz de Veiga, A Porqueira, Calvos de Randín, Vilar de Santos, Sandiás, Xinzo de Limia, Sarreaus, Trasmiras, Os Blancos, Baltar e parte de Xunqueira de Ambía, Vilar de Barrio, Cualedro e Laza. A comarca Verín ocupa os concellos de Monterrei, Oímbra, Verín e parcialmente Cualedro, Castrelo de Val e Laza.
- V. Ribeiras Encaixadas do Miño e do Sil ÁREA B** (provincias de Ourense e Lugo) OU e LU
Concellos: subdivídese en cinco comarcas paisaxísticas: Ribeira Sacra Miñota, O Ribeiro, Fosa de Ourense, Ribeira Sacra Silense e Valdeorras. A comarca Ribeira Sacra Miñota ocupa parcial ou totalmente os concellos de Guntín, Portomarín, O Páramo, Paradelá, Taboada, Chantada, Carballedo, O Saviñao e Pantón. A comarca do Ribeiro comprende os concellos de Leiro, San Amaro, Punxín, Amoeiro, Beade, Carballeda de Avia, Ribadavia, Melón, Cenlle, Castrelo de Miño, A Arnoia e Cartelle. A comarca Fosa de Ourense inclúe os concellos de San Cristovo de Cea, Vilamarín, A Peroxa, Amoeiro, Coles, Nogueira de Ramuín, Ourense, Toén, Barbadás, Pereiro de Aguiar, Esgos, San Cibrao das Viñas, Taboadela, A Merca e Paderne. A comarca Ribeira Sacra Silense abarca os concellos de Pantón, Sober, Monforte de Lemos, Ribas de Sil, Parada de Sil, A Teixeira e Castro Caldelas. A comarca Valdeorras comprende os concellos de Quiroga, A Rúa, Vilamarín de Valdeorras, O Barco de Valdeorras, Rubiá, Carballeda de Valdeorras, Larouco e Petín.
- VI. Costa Sur- Baixo Miño ÁREA B** (maioritariamente sur da provincia de Pontevedra e parcialmente oeste de Ourense) VI e OU
Concellos: subdivídese en tres comarcas paisaxísticas: Costa Sur-Baixo Miño Litoral, Baixo Miño Interior e O Condado-A Paradanta. Ocupa parcial ou totalmente os concellos de Oia, O Rosal, A Guarda, Tomiño, Tui, O Porriño, Mos, Mondariz, Mondariz Balneario, Pontearreas, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Covelo, A Cañiza, As Neves, Arbo, Crecente, Cortegada e Padrenda.
- VII. Galicia Central ÁREA A** (sur da provincia de A Coruña, norte da provincia de Pontevedra, e oeste da provincia de Ourense) SA, PO e OU
Concellos: de Oza-Cesuras, Aranga, Cerceda, Tordoia, Ordes, Mesía, Curtis, Trazo, Oroso, Frades, Vilasantar, Sobrado, Val do Dubra, Baña, Negreira, Ames, Santiago de Compostela, O Pino, Arzúa, Boimorto, Toques, Brión, Rois, Padrón, Teo, Vedra, Boqueixón, Touro, Vila de Cruces, Melide, Santiso, Agolada, A Estrada, Silleda, Lalín, Rodeiro, Dozón, Forcarei, Beariz, Avión, O Irixo, Boborás, Piñor, O Carballino, San Cristovo de Cea, Leiro e Maside. Para os efectos da catalogación subdivídese en oito comarcas paisaxísticas: Terra de Ordes, Terra de Santiago-A Barcala, Terra de Melide-Arzúa, Tabeirós, A Ulloa, Terra de Montes-Alto Lerez, Deza e O Carballiño.
- VIII. Rías Baixas ÁREA A** (costa da provincia de Pontevedra e costa sur da provincia de A Coruña) VI, PO e SA
Concellos: subdivídese en sete comarcas paisaxísticas: Muros, Arousa-Baixo Ulloa, Umia-O Salnés, Baixo Lerez, Pontevedra, Vigo Prelitoral e Vigo Litoral. A comarca de Muros ocupa parcial ou totalmente os concellos de Muros, Outes, Negreira, Noia, Lousame, Rois e Porto do Son. A comarca de Arousa-Baixo Ulloa colle parte de Ribeira e Pobra do Caramiñal, Boiro, Rianxo, Dodro e parte de Padrón. A comarca de Umia-O Salnés inclúe os concellos de Pontecesures, Valga, Catoira, Caldas de Reis, Cuntis, Vilagarcía de Arousa, Illa de Arousa, Ribadumia, Cambados, O Grove, Meaño, Meis, Moraña Portas, Barro e parte de Sanxenxo. O resto de Sanxenxo está na comarca de Pontevedra con Poio, Pontevedra, Marín e Bueu. Na do Baixo Lerez atópanse os concellos de Campo Lameiro, Cerdido, Cotobade e parte de Forcarei. Dentro do Vigo Litoral atópanse Cangas, Moaña, Vilaboa, Soutomaior, Redondela, Vigo, Nigrán, Baiona e Gondomar. Xa no Vigo Prelitoral están os concellos de A Lama, Ponte Caldelas, Fornelos de Montes, Pazos de Borbén e parte de Beariz.
- IX. Chairas e Fosas Occidentais ÁREA B** (costa central e interior da provincia de A Coruña) AC
Concellos: Arteixo, Malpica de Bergantiños, Ponteceso, Carballo, A Laracha, Cerceda, Cabana de Bergantiños Coristanco, Tordoia, Laxe, Camariñas, Vimianzo, Zas, Santa Comba, Muxía, Fisterra, Cee, Dumbría, Corcubión, Mazaricos, Outes, Carnota e Muros. Para os efectos da catalogación subdivídese en seis comarcas paisaxísticas: Arco Bergantiñán, Bergantiños, Costa da Morte, Terra de Soneira, Terra de Fisterra e Terra de Xallas.
- X. Golfo Ártabro ÁREA A** (costa norte da provincia de A Coruña) FE e AC
Concellos: Ferrol, Narón, Neda, San Sadurniño, A Capela, Mugardos, Ares, Fene, Cabanas, Ponteume, Monfero, A Coruña, Oleiros, Sada, Miño, Vilarmarior, Culleredo, Cambre, Bergondo, Paderne, Irixoa, Carral, Abegondo, Betanzos, Oza-Cesuras, Coirós e Aranga. Para os efectos da catalogación subdivídese en dúas comarcas paisaxísticas: Golfo Ártabro Litoral e Golfo Ártabro Interior.
- XI. Galicia Setentrional ÁREA B** (costa norte da provincia de A Coruña e Lugo) FE e LU
Concellos: Ferrol, Cedeira, Moeche, Narón, San Sadurniño, As Somozas, Valdoviño, Cariño, Cerdido, Mañón, Ortigueira, Xove, Viveiro, O Vicedo, O Valadouro, Alfóz, Mondoñedo, Xermade, Vilalba, Ouren, As Pontes de García Rodríguez, Muras e Abadín.
- XII. A Mariña-Baixo Eo ÁREA B** (costa norte da provincia de Lugo) LU
Concellos: Xove, Cervo, Burela, Foz, Barreiros, Ribadeo, O Valadouro, Alfóz, Abadín, Mondoñedo, Lourenzá, Trabada, A Pastoriza Riotorto e A Pontenova. Para os efectos da catalogación subdivídese en dúas comarcas paisaxísticas: A Mariña-Baixo Eo Litoral e A Mariña-Baixo Eo Interior.

ANEXO II

BASES ADMINISTRATIVAS

A.- TÍTULO

Convocatoria dun concurso para a selección de seis equipos para o desenvolvemento dunha guía de cor e materiais nas doce grandes áreas paisaxísticas do Catálogo das paisaxes de Galicia.

B.- OBXECTO

O presente concurso ten por obxecto a contratación de seis equipos para a redacción de seis guías técnicas coas pautas para o emprego da cor e os materiais de revestimentos arquitectónicos nas paisaxes urbanas e rururbanas das doce Grandes Áreas Paisaxísticas de Galicia.

As guías a elaborar serán as seguintes:

- 4 que abarcaran unha área A e unha área B
- 2 que se cinguirán a dúas áreas B cada un.

Sendo ás áreas as seguintes:

- Áreas A: Rías Baixas, Golfo Ártabro, Galicia Central e Chairas e Fosas Luguesas.
- Áreas B: Serras Orientais, Serras Surorientais, Chairas, Fosas e Serras Ourensás, Ribeiras Encaixadas do Miño e do Sil, Costa Sur- Baixo Miño, Chairas e Fosas Occidentais, Galicia Setentrional; A Mariña-Baixo Eo

C.- ORZAMENTO

O orzamento máximo por contrato será o seguinte:

- Guía que abarque unha área A e unha área B: 25.000 + IVE €/contrato
- Guía que abarque dúas áreas B: 15.000 + IVE €/contrato

D.- REQUISITOS DOS EQUIPOS

Cada equipo estará composto polo menos por tres arquitectos, que deberán cumprir e acreditar documentalmentemente os seguintes requisitos a data de finalización do prazo da convocatoria:

- Non estar inhabilitados para o exercicio da profesión
- Non estar suspendido por ningunha das causas descritas nos Estatutos colexiais.
- Estar o corrente do pago das súas obrigacións colexiais.
- Estar ao corrente das obrigas coa Axencia Estatal Tributaria, coa Seguridade Social e coa Xunta de Galicia.
- Dispoñer de seguro de responsabilidade civil.

E.- FORMA E CONTIDO DA CONVOCATORIA

A convocatoria deste concurso farase pública mediante a circular periódica do COAG. Os interesados deberán cubrir o modelo de solicitude, elaborado e publicado polo COAG coa circular, que presentarán no COAG, indicando claramente a área ou áreas xeográficas as que se opta, e achegando a seguinte documentación:

- Acreditación documental dos requirimentos establecidos no apartado D deste anexo.
- Breve currículo de cada un dos membros do equipo vinculado o obxecto do concurso.
- Oferta técnica: avance da guía de cor e materiais da área xeográfica a que se opta.

F.- VALORACIÓN DOS EQUIPOS

O proceso de selección realizarase de conformidade coa seguinte baremación:

- Experiencia do equipo en traballos similares: ata 30 puntos
- Organización e planificación de medios materiais e técnicos adaptados á metodoloxía:
 - Planificación dos traballos: ata 10 puntos
 - Medios materiais: ata 10 puntos
 - Medios humanos: ata 10 puntos
- Melloras ou engadidos á metodoloxía do traballo: ata 10 puntos
- Valoración do avance da guía: ata 30 puntos

O xurado fixará as condicións e os criterios de valoración de cada un dos puntos anteriores e valorará as ofertas de todos os equipos que cumpran os requisitos esixidos, e ordenarás de maior a menor puntuación.

A lista coas puntuacións dos equipos farase pública mediante a circular periódica do COAG.

G.- CONTRATACIÓN DOS EQUIPOS

O COAG contratará aos seis equipos que obteñan a maior puntuación. Os equipos seleccionados poderán ser contratados para a redacción de calquera das guías técnicas para o emprego da cor e os materiais de revestimentos arquitectónicos nas paisaxes das doce Grandes Áreas Paisaxísticas de Galicia, con independencia da área ou áreas para as que se presentaran.

En caso de renuncia dun dos equipos seleccionados, contratarse ao seguinte da lista elaborada polo xurado.

H.- EXECUCIÓN DO TRABALLO POLOS EQUIPOS CONTRADOS

O traballo a realizar polos equipos, executarase con suxeición estrita ao establecido nas base técnicas recollidas no anexo III do convenio entre o IET e o COAG.

I.- PRAZOS

- Presentación de solicitudes: 15 días naturais dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria.



- Valoración do Xurado: 15 días naturais dende o día seguinte ao do remate do prazo da convocatoria.
- Contratación: 10 días naturais dende o día seguinte ao da publicación da valoración.
- Entrega dos traballos: Os traballos presentaranse en dúas fases:
 - 1ª fase: Deberá facerse entrega dun avance da guía de cor e materiais para a área ou áreas as que opten antes do 31 de agosto de 2016. Presentarase un avance por cada unha das áreas as que se opte
 - 2ª fase: Deberá facerse entrega do documento definitivo da guía de cor e materiais para a area ou areas as que opten antes do 30 de setembro de 2016. Presentarase un documento definitivo por cada unha das áreas as que se opte.



ANEXO III

BASES TÉCNICAS

1. OBXECTIVOS

2. DESENVOLVEMENTO DO TRABALLO

2.1.1.RECOLLIDA DE INFORMACIÓN

2.1.2.TRATAMENTO DOS DATOS RECOLLIDOS E PRESENTACIÓN

2.1.3.PROPOSTA DE INTEGRACIÓN CARTAS DE MATERIAIS E GAMAS DE CORES

3. MÉTODO DE TRABALLO: ANÁLISE DA REALIDADE E CRITERIOS DE INTEGRACIÓN

3.1.1.NÚCLEOS URBANOS E RURAIS E ÁMBITOS PERIURBANOS E RURURBANOS

3.1.2.ANÁLISE

3.1.3.PROPOSTA DE INTEGRACIÓN

3.1.4.POLÍGONOS INDUSTRIAIS

3.1.4.1.1. ANÁLISE

3.1.4.1.2. PROPOSTA DE INTEGRACIÓN

3.1.5.CONSTRUCCIÓN E INSTALACIÓN EN SOLO RÚSTICO

3.1.5.1.1. ANÁLISE

3.1.5.1.2. PROPOSTA DE INTEGRACIÓN

4. FICHAS DE TOMA DE DATOS

5. FICHAS DE PROPOSTA DE INTEGRACIÓN

5.1.1.PROTOCOLO XERAL DE INTEGRACIÓN CROMÁTICA



1 OBXECTIVOS

A guía de materiais e cores para unha grande área paisaxística concreta ten por obxecto establecer unhas pautas de composición para construcións e edificacións, que favoreza unha adecuada integración paisaxística e con iso contribuír a unha maior calidade da paisaxe galega.

Esas pautas centraranse nos tipos de materiais máis recomendables para os diferentes elementos das construcións e edificacións, así como nas gamas ou paletas de cores máis congruentes coas características das contornas nas que se vaian empregar.

A guía cristalizará nunha serie de recomendacións e propostas prácticas, que terán un carácter orientativo, e que poderán servir de fundamento e axuda para que os plans urbanísticos e os instrumentos de ordenación do territorio as concreten, para ámbitos territoriais menores, e por tanto dunha forma máis detallada e cun alcance normativo.

Para o desenvolvemento do traballo cómpre adoptar un método de intervención que facilite o achegamento ao obxectivo: a integración paisaxística tanto das novas construcións e edificacións coma das existentes desconformes coa paisaxe de referencia.

O termo “integración” haberá de entenderse como o feito de que algo pase a formar parte dun todo, de que aquel se acomode, adapte e axuste a este de tal sorte que non haxa discrepancia entre eles. Deste modo a edificación/construción haberá de acomodarse á paisaxe de referencia por medio dos materiais empregados para a súa construción e das cores dos elementos dos que a compoñen.

A necesidade de contextualizar as construcións na paisaxe abordarase preferentemente dende a perspectiva da harmonización, tendo cabida outras opcións convenientemente xustificadas. Tomarase como base de traballo a síntese interpretativa e conceptual dos materiais e cores representativos das comarcas sobre a que se elaborarán unha serie de recomendacións e propostas de integración que haberán de ter presente a necesidade de facilitar opcións diferentes á da inmediata interpretación mimética.

Distinguiranse os seguintes ámbitos construídos: núcleos urbanos e rurais, zonas periurbanas (1) e rururbanas (2), polígonos industriais e instalacións-construcións en solo rústico. Esta diferenciación ten unha repercusión no método de traballo para o establecemento da guía de integración, sendo único para os núcleos e as zonas periurbanas-rururbanas e dous para os polígonos industriais e as instalacións en solo rústico.

(1) O espazo *periurbano* califica una situación de interfase entre dous tipos xeográficos aparentemente ben diferenciados: o campo e a cidade. É de difícil definición conceptual e delimitación, conta coa desvantaxe de que é un territorio esvaradío, de transición, en permanente transformación (ou con expectativas de ser transformado), fráxil, susceptible de novas intervencións. Co paso do tempo, o periurbano esténdese, realízase, desprázase.

Trátase dun territorio en transo de consolidación, bastante inestable en canto á constitución de redes sociais, dunha grande heteroxeneidade nos usos do solo. É un espazo que se define pola indefinición: nin é campo nin é cidade.

(2) Un espazo *rururbano*, área rururbana ou zona rururbana é aquel territorio no que se superpoñen elementos e funcións urbanas ou infraestruturais sobre unha base de orixe agraria, no que se dan transformacións no usos do solo, xerando procesos de tensión e conflito na morfoloxía e na paisaxe.

Deste xeito para os primeiros adoptárase coma referencia de análise a arquitectura Popular (3). Daquela tomaranse os datos das construcións que posúan sinais significativos e carácter

representativo (formal ou estético) da súa comarca paisaxística. Este carácter obterase do recoñecemento detallado identificando os patróns máis significativos de composición, forma, proporción e vista sen esquecer o recurso a fontes indirectas de información.

Nos núcleos urbanos de entidade complexa, que integren unidades morfolóxicas diferenciadas (4), cómpre a aplicación deste método para cada unha das áreas. Estas unidades están comunmente asociadas ao momento da súa conformación e distínguense de acordo coas características tipolóxicas e construtivas que constitúan os seus sinais de identidade. Esta análise poderá servir como aproximación a outros estudos máis pormenorizados que o propio planeamento de ordenación urbana deberá propoñer.

Para o caso dos polígonos industriais e das instalacións e construcións en solo rústico, afastados daquelas tipoloxías máis tradicionais, propónse outro método de análise do contexto de referencia. Nos dous ámbitos farase unha aproximación compositiva ao entorno que incluíra unha análise rigorosa que identifique a gama cromática propia do lugar medida en dous momentos estacionais preseleccionados (primavera e outono). No caso das instalacións no medio rural, ademais, abundarase nos patróns cromáticos e construtivos de edificacións semellantes existentes na paisaxe de referencia.

2.- DESENVOLVEMENTO DO TRABALLO

O adxudicatario do traballo para unha grande área paisaxística (GAP) terá que desenvolver as seguintes tarefas:

2.1.- RECOLLIDA DE INFORMACIÓN

O adxudicatario terá que recoller os datos necesarios dominantes nos diferentes ámbitos da GAP. Para tal efecto, en cada unha das comarcas paisaxísticas nas que está dividida a GAP, recollerase a información daqueles ámbitos de acordo co seguinte criterio:

- Un núcleo urbano, que poderá ser unha cidade ou algún dos núcleos cabeceira ou subcabeceira do sistema urbano intermedio definido nas Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia (5). Nas comarcas paisaxísticas en que non exista ningún núcleo dos niveis indicados, seleccionárase algún dos nodos para o equilibrio do territorio definidos nas propias DOT.
- Tres núcleos rurais por cada comarca que o propio adxudicatario seleccionará en atención ás peculiaridades morfolóxicas, arquitectónicas ou construtivas dos ámbitos.
- Un polígono industrial, preferentemente vinculado co núcleo urbano seleccionado.
- No caso de existir, unha zona periurbana.
- No caso de existir, unha zona rurubana
- Instalacións ou edificacións situadas fora dos asentamentos de poboación (en solo rústico).

(3) Para un recoñecemento actualizado da “arquitectura popular” cómpre ter en conta que estes elementos antrópicos da paisaxe pasan a ser compoñentes integrados na paisaxe unha vez transcorrido un determinado tempo tal que permite a súa asimilación.

(4) Estímase para o caso que esta complexidade merece tal tratamento cando a súa poboación supera os 7.500 habitantes.

(5) Directrices de Ordenación do Territorio (DOT), aprobadas polo Decreto 19/2011, de 10 de febreiro e publicada no Diario Oficial de Galicia de 22 de febreiro de 2011.



En cada un dos ámbitos seleccionados deberán recollerse os datos que se indican no apartado 3 para un número de edificacións ou construcións existentes, que se determinará de acordo coas seguintes regras:

- Nos núcleos urbanos: o 5% das edificacións e construcións existentes de acordo cos datos do Instituto Galego de Estatística (IGE). Isto necesitará unha filtraxe por barrios ou elementos significativos nos que se poida descompoñer o núcleo urbano. A porcentaxe indicada poderá reducirse en función do tamaño da cidade analizada.
- Nos núcleos rurais: entre o 10% e o 50% das edificacións e construcións existentes de acordo cos datos do IGE en función do tamaño do núcleo rural.
- Nos polígonos industriais: entre o 10% e o 20% das edificacións e construcións existentes no ámbito do polígono en función do tamaño do mesmo.
- Nas zonas periurbanas e rururbanas: 20 edificacións de vivenda e 10 edificacións ou construcións destinadas a outros usos.
- En solo rústico, unha instalación ou edificación por cada un dos seguintes grupos de usos: agropecuario, industrial/comercial, infraestruturas (estacións depuradoras, parques eólicos, estacións de servizo, etc.), equipamentos, hostalería/restauración.

Os elementos de mostra seleccionaranse en diferentes lugares e con diferentes características e idades, para poder obter resultados representativos do conxunto.

2.2.- TRATAMENTO DOS DATOS RECOLLIDOS E PRESENTACIÓN

Os datos presentaranse en fichas axustadas aos modelos recollidos no apartado 4. Para cada unha das edificacións ou construcións analizadas tomarase polo menos unha fotografía na que se aprecie do mellor modo posible a súa configuración e, segundo o caso, precisaranse outras fotografías de detalle dos elementos construtivos compoñentes da construción.

Cada unha das edificacións ou construcións será xeorreferenciada e recollida nun ficheiro dixital compatible con sistemas de información xeográfica (SIX), ao que se asociará unha táboa cos datos recollidos. Os datos recollidos para todos os elementos de cada comarca paisaxística someteranse a un proceso de análise estatística, para obter resultados globais para cada comarca e para cada tipo de construción ou edificación.

Asemade presentarse unha memoria na que se describan os procesos de traballo desenvolvidos, e na que se expoñan as conclusións sobre os materiais e cores máis frecuentes ou característicos para os elementos que compoñen os diferentes tipos de edificacións e construcións de cada un dos ámbitos diferenciados. En todo caso xustificaranse os criterios de selección dos núcleos estudados e, no caso dos núcleos urbanos maiores, os criterios de zonificación empregados, así como os fundamentos das propostas de materiais e cores e mesmo das composicións suxeridas.

2.3.- PROPOSTA DE INTEGRACIÓN CARTAS DE MATERIAIS E GAMAS DE CORES

En congruencia cos datos resultantes do traballo de información elaborárase unha proposta de materiais e cores para as diferentes localizacións, ámbitos construtivos e elementos que compoñen a edificación. A proposta materializarase en fichas, axustadas ao modelo recollido no apartado 5.

Para cada comarca realizaranse as correspondentes fichas por tipo de ámbito de intervención.

As referencias aos materiais e ás cores seguirán os mesmos criterios técnicos de denominación empregados nas fichas de recollida de datos.

Ademais das fichas, desenvolveranse as cartas coas combinación de materiais e cores recomendados, elaboradas mediante composición fotográfica e edición dixital e distinguindo o ámbito ao que se refire. Dada a casuística case infinita só se proporían como exemplo as máis representativas de cada comarca nunha carta específica que recollería un número suficiente de combinacións. Considerouse como máis oportuno, tendo en conta o mesmo feito, ofrecer como guía unha imaxe o suficientemente abstracta que permita a súa aplicación en distintos e variados contextos arquitectónicos.

3.- MÉTODO DE TRABALLO: ANÁLISE DA REALIDADE E CRITERIOS DE INTEGRACIÓN

3.1 NÚCLEOS URBANOS E RURAIS E ÁMBITOS PERIURBANOS E RURURBANOS

Coma punto de partida fundamental procurarase a harmonización material e cromática. A súa concreción débese guiar polas tipoloxías arquitectónicas, polos materiais, tons e relacións cromáticas das compoñentes da arquitectura popular propias da comarca que definen a súa percepción.

De acordo co seguinte procedemento:

- Analizar a tipoloxía das edificacións de arquitectura tradicional da comarca.
- Efectuar unha análise das fachadas e cubertas da arquitectura popular ou tradicional da comarca.
- Elaborar unha estratexia de harmonización entre os diferentes elementos construtivos.
- Desenvolver unha paleta de materiais e cores da comarca para cada un dos elementos.

3.1.1. ANÁLISE

A análise abordará os materiais e as cores tendo en conta as seguintes consideracións:

3.1.1.1. MATERIAIS

Os materiais empregados nas diferentes tipoloxías arquitectónicas e construtivas organizaranse de acordo co elemento construtivo ao que pertenza e especificaranse as características que correspondan: tipoloxía, tipo, textura, cubrición/acabamento e cor.

Fachadas:

- Paramentos exteriores: material de base ou revestimento, zócolos, recercados, etc.
- Carpintería exterior: fiestras, portas, varandas e pasamáns, persianas, contras, etc.
- Elementos complementarios: enreixados, toldos, carteis, etc.
- Outros elementos construtivos definitorios da arquitectura tradicional da zona

Cuberta:

- Cubrición.
- Chemineas, bufardas.
- Outros: canles, baixantes.
- Outros elementos definitorios da arquitectura tradicional da zona

Parcela:

- Muros ou peches
- Portais de acceso

Particularmente para os seguintes tipos procurarase algunha outra precisións:

Pedra:	Tipo e variedade (p.ex.: granito rosa Porriño). Así mesmo especificarase o aparello: cantería, cachotería, cachotería miúda, aplacado irregular/regular. Elementos singulares característicos no tipo de peche.
Madeira:	Tipo se pode coñecerse (por non estar revestida ou tratada) e, se non, soamente “madeira”. Elementos singulares característicos no tipo de peche.
Materiais fabricados:	Denominación técnica e, de ser necesario, o tipo (p.ex.: prancha ondulada de fibrocemento). Poderase ademais facer referencia a unha marca comercial concreta se a extensión do seu uso así o aconsella ou queda definido con maior precisión o material. Elementos singulares característicos no tipo de peche.

As especificacións sobre a cubrición, acabado e textura, de ser o caso, tamén procurarán maior detalle:

- Sen revestir/Revestido: cor natural ou modificada (p.ex.: granito gris Mondariz sen revestir, ou aceiro inoxidable na súa cor) / material (p.ex.: pintura, lacado, etc.).
- Brillante/Satinado/Mate
- Liso / Rugoso (p.ex: pedra pulida/apomazada/abuxardada).

3.1.1.2.- CORES

A referencia á cor realizarase de acordo coa codificación NCS COLOR SISTEM (6). Preferiblemente tomarase a referencia *in situ* sendo permisible a determinación seguindo procedementos dixitais. Neste caso aconséllase facer a medición ou comparación entre a cor da fotografía e a da carta NCS na mesma pantalla de ordenador para evitar as posibles desviacións cromáticas que se poderían dar co emprego de diferentes soportes ou medios.

3.1.2.- PROPOSTA DE INTEGRACIÓN

O criterio de harmonización suxerido manexa certas estratexias como é a adopción dunha gama de materiais e cores simple, sobria e funcional coa que se acada un aspecto coherente e coidado.

Asemade propónse o establecemento das pautas de aplicación da paleta cromática tendo en conta algunhas das regras da percepción e da combinación das cores:

- Evitar cores saturadas, discordantes e brillantes, aplicadas en superficies dominantes que contrasten cos tons naturais dos materiais xurdidos da natureza, matizados e suaves.
- Ter en conta que as texturas grosas, irregulares e rugosas escurecen a cor, mentres que as finas e lisas se manteñen máis próximas á orixinal
- Establecer regras de composición para a coloración de elementos secundarios (marcos, portas, cornixas, zócos, etc.), semellantes ás optidas na análise previa.

(6) O *Natural Colour System* é un sistema de notación de cores ideado polo Instituto Escandinavo da Cor, que trata a linguaxe de comunicación da cor. O sistema procura a descrición das cores a partires da maneira que temos de percibilos establecendo unha denominación para calquera cor que exista. Con isto consegue facilitar a especificación e a comunicación da cor para o cal dispoñ inicialmente dunha carta con 1950 referencias estándares sobre a que se poden matizar saturacións e luminosidades doadamente. Web: <http://www.ncscolour.com/>

3.2.- POLÍGONOS INDUSTRIAIS

A aproximación compositiva ao entorno dos polígonos, a diferenza do caso anterior, debe incluír unha análise rigorosa que identifique a gama cromática propia do lugar.

3.2.1.- ANÁLISE

Proponse o seguinte procedemento:

- Identificar as diferentes localizacións onde a visión do polígono teña unha presenza destacada.
- Realizar a análise cromática da contorna visual (7) que abranza tanto as cores como as relacións entre elas e diferenciando as cores da superficie do chan, da vexetación e das edificacións, sendo as primeiras de especial interese a elaboración determinación do criterio de integración.

3.2.2.- PROPOSTA DE INTEGRACIÓN

A estratexia de integración elixida –nunha extrema o mimetismo e noutra o contraste achegará unha paleta cromática para o conxunto do polígono que contemple as seguintes recomendacións:

- Emprego dunha gama cromática reducida a un número limitado de tons para non crear confusión nin saturación visual.
- Priorizar estratexias de harmonización baseadas en tonalidades naturais e inorgánicas semellantes ás do terreo
- Elixir cores de baixa saturación que non resulten excesivamente rechamantes (p.ex.: as cores con saturación semellante ás existentes na contorna proporciona un equilibrio harmónico).
- Evitar o emprego sistemático de tons verdes, que dificilmente acadan os matices cromáticos da vexetación.
- Empregar os contrastes con moderación e efectuando simulación previas (p.ex.: a utilización de cores complementarias ás existentes establece una relación harmónica baseada no contraste)

No que respecta aos materiais a empregar procurarase que obedezan a un criterio de homoxeneidade de acordo coas particularidades deste tipo de construcións na comarca tendo presente a procura dunha imaxe de conxunto unitaria e harmónica (p.ex.: definir modelos únicos de valados para o conxunto do polígono, combinacións de materiais e cores que resulten harmónicas e de composición sinxela, etc.).

(7) Un método de traballo eficaz para este tipo de análises é o emprego de imaxes fotográficas tratadas dixitalmente simplificándoas en mosaicos cromáticos de modo que resulte máis doada a identificación das gamas de cores e as relacións entre elas.

A intervención individualizada para as diferentes construcións haberá de establecerse de acordo ao criterio paisaxístico unitario definido para o conxunto do polígono (8), prevendo medidas de integración eficaces para cada unha delas como requisito indispensable para acadar unha imaxe de proximidade coherente.

3.3.- CONSTRUCCIÓN E INSTALACIÓN EN SOLO RÚSTICO

Coma punto de partida fundamental procurarase a unidade material e cromática. A súa definición débese guiar polos tons e relacións cromáticas das compoñentes da paisaxe e polo coñecemento dos materiais propios da arquitectura da zona.

3.3.1.- ANÁLISE

Proponse coma procedemento unha mestura dos dous anteriores, isto é unha análise cromática da zona, en especial do solo e tamén dos elementos construtivos tradicionais e habituais.

3.3.2.- PROPOSTA DE INTEGRACIÓN

En xeral optarase por unha estratexia cromática de harmonización co entorno podéndose optar xustificadamente pola singularización ou a fusión tendo en conta as seguintes recomendacións:

- Elixir unha estratexia cromática intrínseca á paleta (oposición, complementariedade ou intensificación dos tons entre si).
- Definir a paleta de cores para todos os elementos da instalación ou construción.
- Optar sempre por unha gama de materiais e cores simple, sobria e funcional co obxecto de acadar un aspecto coherente e coidado.
- Establecer pautas de aplicación da paleta cromática tendo en conta outras regras da percepción e da combinación das cores, a maiores das xa expostas máis atrás:
 - Preferir tons escuros (agás o negro) posto que os claros aumentan e achegan os volumes.
 - Limitar o uso da cor verde, xa que pode destacar pola súa artificiosidade e contrate en relación cos tons da vexetación, ricos, complexos e cambiantes.
 - Evitar volumes completamente monocromos (distinguir cuberta e paramentos)

(8) Este criterio deberá de estar definido na normativa urbanística do polígono acoutando os obxectivos de xerais calidade que, alén de ordenar racionalmente a ocupación do solo, tratará de minimizar as afeccións sobre os elementos estruturais da paisaxe, garantirá as relacións formais harmónicas, propondrá unha imaxe unitaria e coherente do conxunto do polígono, fomentará as actitudes de coidado e respecto polo entorno ou propiciará unha visión a longo prazo das intervencións.

4.- FICHAS DE TOMA DE DATOS

- Ficha de núcleos
- Ficha de polígonos
- Ficha de instalacións en solo rústico






ANÁLISE DO ÁMBITO DE ACTUACIÓN. FICHA DE TOMA DE DATOS NÚCLEOS E ÁMBITOS PERIURBANOS E RURURBANOS


DATOS XERAIS

Localización paisaxística	Área paisaxística:				
	Comarca paisaxística:				
Localización xeográfica	Vía/rúa;				Nº
	Parroquia				Localidade:
	Concello				Provincia:
	Xeorreferencias:	X:		Y:	
Ámbito da edificación	Urbano			Suburbano	
	Rural			Periurbano	

FOTOGRAFÍA DE CONXUNTO



MOSAICO CROMÁTICO



PATRÓN DE COMPOSICIÓN CROMÁTICA



Esquema de cor sobre o círculo cromático


Proporción por cores da escena			
Cor dominante		%	
Gama cromática			
Cor de mediación		%	
Gama cromática			
Cor tónica		%	
Gama cromática			
Esquema de cor:			
Complementarios	Análogos	Triádico	
Complementarios divididos	Tetrádicos	Cadrado	



ELEMENTOS ARQUITECTÓNICOS. DESCRICIÓN INDIVIDUALIZADA

	Elemento	Material	Acabamento	Tipo/variedade	Colocación	Textura	Cor (NCS)
Cerramentos	Fondos						
	Zócolos						
	Balcóns						
	Impostas						
	Cornixas						
	Recercados						
	Outros						
Ocos	Ventás						
	Portas						
	Ferraxes						
	Reixas						
	Defensas						
Cuberta	Outros						
	Cubrición						
	Limas						
	Cumios						
	Chemineas						
	Bufardas						
	Canlóns						
	Baixantes						
	Outros						

COMENTARIOS E OBSERVACIÓNS




[Handwritten signature]




ANÁLISE DO ÁMBITO DE ACTUACIÓN. FICHA DE TOMA DE DATOS CONSTRUCCIÓN S ILLADAS EN SOLO RÚSTICO


DATOS XERAIS

Localización paisaxística	Área paisaxística:			
	Comarca paisaxística:			
Localización xeográfica	Vía/rúa;			Nº
	Parroquia			Localidade:
	Concello			Provincia:
	Xeorreferencias:	X:	Y:	
Uso da construción	Agropecuario	Industrial	Infraestrutura	
	Equipamento	Servizos	Outros	

FOTOGRAFÍA DE CONXUNTO



MOSAICO CROMÁTICO



PATRÓN DE COMPOSICIÓN CROMÁTICA



Esquema de cor sobre o círculo cromático

Proporción por cores da escena		
Cor dominante	%	
Gama cromática		
Cor de mediación		
Cor de mediación	%	
Gama cromática		
Cor tónica		
Cor tónica	%	
Gama cromática		
Esquema de cor:		
Complementarios	Análogos	Triádico
Complementarios divididos	Tetrádicos	Cadrado

ELEMENTOS ARQUITECTÓNICOS. ANÁLISE CROMÁTICA

--	--	--

--	--	--

--	--	--

--	--	--

ELEMENTOS ARQUITECTÓNICOS E DE PARCELA. DESCRICIÓN INDIVIDUALIZADA

	Elemento	Material	Acabamento	Tipo/variedade	Colocación	Textura	Cor (NCS)
Cerramentos	Fondos						
	Zócolos						
	Balcóns						
	Impostas						
	Cornixas						
	Recercados						
	Outros						
Ocos	Ventás						
	Portas						
	Ferraxes						
	Reixas						
	Defensas						
Cuberta	Outros						
	Cubrición						
	Limas						
	Cumios						
	Chemineas						
	Bufardas						
	Canlóns						
	Baixantes						
	Outros						
Exteriores	Valados						
	Portadas						
	Xardinaria						
	Anexos						
	Vialidade						

COMENTARIOS E OBSERVACIÓNS




ANÁLISE DO ÁMBITO DE ACTUACIÓN. FICHA DE TOMA DE DATOS POLÍGONOS INDUSTRIAIS

DATOS XERAIS

Localización paisaxística	Área paisaxística:				
	Comarca paisaxística:				
Localización xeográfica	Parroquia			Localidade:	
	Concello			Provincia:	
	Xeorreferencias:	X:		Y:	
Características xerais	Grao de ocupación < 50%		Uso predominante industrial		Arrimado a núcleo residencial
	Grao de ocupación > 50%		Uso predominante servizos		Illado de núcleo residencial


PLANO DE SITUACIÓN DOS PUNTOS DE VISTA E ESCENAS ANALIZADOS




[Handwritten signature]



FOTOGRAFÍA DE CONXUNTO



MOSAICO CROMÁTICO



CORES POR ESCENA

Cor NCS:	Cor NCS:	Cor NCS:	Cor NCS:	Cor NCS:	Cor NCS:



COMENTARIOS E OBSERVACIÓNS



[Handwritten signature]

5.- FICHAS DE PROPOSTA DE INTEGRACIÓN

5.1.- Protocolo xeral de integración cromática

- Ficha de núcleo
- Ficha de polígonos
- Ficha de instalacións en solo rústico
- Carta de materiais
- Carta de cores
- Carta de combinacións de materiais e cores

5.1.- PROTOCOLO XERAL DE INTEGRACIÓN CROMÁTICA


A fin de establecer uns criterios xerais que informen a elaboración de fichas ou elementos con alcance normativo máis individualizados para ámbitos concretos de intervención (9) propónse un protocolo xeral de integración cromática redactado a modo de ordenanza para achegarlle á propia metodoloxía un carácter máis proactivo, tendo en conta a flexibilidade dun documento destas características e, sobre todo, sen esquecer que a finalidade última este documento é prover do necesario soporte para integrar a *variable cromática* en calquera instrumento de planificación espacial ou para elaborar instrumentos de planificación específicos (plans de cor).

Os principios que orientan esta proposta poden sintetizarse nos seguintes puntos:

- Que toda intervención sexa coherente e compatible coas características intrínsecas da construción (arquitectónicas, compositivas, tipolóxicas, formais, materiais, tecnolóxicas e funcionais).
 - Garantir a salvagardar e conservación do existente: dos seus valores históricos e arquitectónicos, dos seus valores ambientais ou dos seus valores técnicos en cada caso.
 - Verificar a integración e compatibilidade da intervención co seu contexto, no que a construción se insire a través de:
 - a integración na escena urbana ou territorial máis próxima,
 - a integración na visión de conxunto do ámbito de intervención.
- 10 Coma os que se describen nesta metodoloxía (núcleos de poboación e asentamentos, polígonos industriais e construcións illadas en solo rústico) ou outros que se poideran prever en función da complexidade ou diferenzas que a fase de información previa detecte.
- Facilitar, cunha eficaz xestión administrativa e técnica das intervencións, o seu uso futuro a través:
 - da implantación de procedementos sinxelos e verificables,
 - do cotexo e confrontación permanente da información elaborada,
 - do arquivo, manexo estatístico e consulta dos datos para o futuro.

O seu esquema de funcionamento, ligado ás fichas de cada ámbito de intervención e as cartas de cores e materiais sería:

(9) Coma os que se describen nesta metodoloxía (núcleos de poboación e asentamentos, polígonos industriais e construcións illadas en solo rústico) ou outros que se poideran prever en función da complexidade ou diferenzas que a fase de información previa detecte.



1. Campo de aplicación

As presentes fichas e protocolo xeral de intervención aplicaranse con carácter xeral nos ámbitos de intervención sinalado e tal como se definen na propia guía.

O protocolo achega os criterios que seguir na execución de obras tanto de mantemento ordinario coma de mantemento extraordinario, restauración, rehabilitación e novas construcións que afecten a elementos de fachada e cubertas ou exteriores en xeral.

Esta relación de criterios poderá integrarse, coas debidas adaptacións, na normativa de calquera instrumento de planificación espacial.

2. Extensión da intervención

As intervencións nas fachadas dunha construción deben ter un carácter unitario e congruente cos criterios da ficha correspondente. Na medida do posible deberá executarse simultaneamente e cubrir a totalidade do volume exterior. Procurarase a distinción cromática entre edificacións estremeiras, salvo que figuren no mesmo predio.

As intervencións deben incluír todos os elementos e acabados de fachada que contribúan a dar unha imaxe global do edificio, coma molduras, recercados, cornixas, impostas e zócosos ou plantas baixas con uso diferenciado.

3. Metodoloxía

A definición dos parámetros normativos que regulen as intervencións deben ter en conta toda a información necesaria desde o punto de vista tipolóxico, histórico, tecnolóxico e das técnicas construtivas e dos materiais, seguindo o procedemento marcado nesta guía. Nos ámbitos de intervención de valor patrimonial manterase, sempre que for posible, as cores e materiais orixinais ou a súa substitución xustificada por outros idénticos.

A escolla das cores e dos materiais debe ser compatible coa historia do edificio, tipoloxía e función e, ademais, integrarse na contorna onde se localiza a intervención.



As cartas de cores e de materiais non conducen necesariamente a unha posibilidade unívoca, polo que se deberán considerar todos os factores para definir unha intervención integrada.

A intervención en contexto heteroxéneos deberá partir dunha análise de varios edificios representativos para obter pautas máis amplas de intervención, confrontadas estas co mosaico cromático das vista de conxunto, de onde tirar seleccións de cores.

4. Integración cromática da intervención

A intervención cromática da intervención debe considerarse a dúas escalas:

- Na escena urbana ou territorial próxima que permita relacionala cos edificios estremeros e enfrontados no campo visual do observador achegado ao edificio.
- Na escena urbana ou territorial de conxunto que permita relacionala co contexto urbano, funcional ou territorial inmediato, caracterizado por unha unidade morfolóxica coma un núcleo rural, un barrio, un ensache, un polígono ou unha infraestrutura.

A integración virá dada pola compatibilidade:

- Das cores escollidas (identificadas mediante o código NCS correspondente, que informa do ton, luminosidade e grao de saturación) regulados polas fichas correspondentes e as cartas de cores aplicables.
- Do tratamento das superficies e dos materiais seleccionados regulados polas fichas correspondentes e as cartas de cores aplicables.

A integración procurará a harmonía cromática cos edificios adxacentes e co conxunto no que se sitúe. Os materiais e tratamentos das superficies deberán ser coherentes co carácter do edificio e compatibles coa contorna.

A validación técnica e administrativa da intervención farase sobre a documentación fotográfica conforme á metodoloxía descrita na guía. Esta información deberá cubrir tanto a fase de análise coma de proposta de intervención e de obra rematada.

5. Recomendacións sobre o tratamento das superficies, disposición das cores nas fachadas a selección de cores en núcleos de poboación e áreas suburbanas e rururbanas

No caso de intervencións sobre construcións existentes, recoméndase manter o tipo de acabamentos orixinais, polo menos a respecto de cores e materiais.

As fachadas compostas de varios volumes e/ou con moitos elementos decorativos admiten unha maior diferenciación cromática que, en todo caso, deberá ser congruente co seu carácter e tipo. A elección do deseño e materiais procurará integrar asemade a planta baixa nun proxecto unitario.

O coñecemento da construción ou edificio e seu contexto debe fornecer elementos que orienten a escolla do tratamento das superficies e disposición das cores nos



distintos planos, elementos e plantas, avaliando mesmo a súa diferenciación cromática.

A escolla das cores debe facerse a partir dos criterios e cartas indicadas e filtralas sobre a base do coñecemento da construción ou da contorna. No caso das construcións existentes esta deber partir do estudo da coloración orixinal. No caso de construcións novas deber partir do estudo da coloración do contexto, especialmente o inmediato. En calquera caso, procurarase a coherencia da intervención cos valores do edificio e da contorna na que se insire, así como a harmonización das coloracións coa ornamentación e outros elementos presentes nas fachadas e cubertas e no propio contexto urbano e territorial.

6. Recomendacións sobre o tratamento das superficies, disposición das cores nas fachadas a selección de cores en edificacións illadas en solo rústico

O tratamento cromático das instalacións ou edificacións illadas en solo rústico, que serán predominantemente de uso agrario ou gandeiro, é un aliado poderoso da integración mesmo despois da súa construción e funcionamento.

A elección de materiais e cores debe conducirse polos tons e as relacións cromáticas das compoñentes da paisaxe e polo coñecemento dos materiais propios da arquitectura da zona seguindo proceso seguinte:

- 
- a) Efectuar unha análise cromática da contorna, en especial do chan e dos materiais construtivos tradicionais ou habituais.
 - b) Elixir unha estratexia cromática vinculada á contorna, ben mediante singularización ou contraste, ben mediante ocultación ou, preferentemente, harmonización.
 - c) Elixir unha estratexia cromática intrínseca á gama por oposición, complementariedade ou intensificación dos tons entre si.
 - d) Definir unha gama de cores para todos os elementos da instalación ou edificación.
 - e) Escoller sempre unha gama de cores e materiais sinxela, sobria e funcional para obter un resultado coherente e coidado.

Fixar pautas de aplicación da gama cromática tendo en conta as regras da percepción e combinación das cores:

- a) Preferir tons escuros (agás o negro) para evitar agrandar os volumes cos tons claros.
- b) Evitar cores saturadas, discordantes e brillantes, que contrastan cos tons matizados e suaves das paisaxes agrarias.
- c) Limitar o uso da cor verde, xa que pode destacar pola súa artificiosidade e contrastar cos tons da vexetación, moito máis ricos, cambiantes e cheos de matices.
- d) Ter en conta que as texturas grosas e rugosas escurecen as cores e as lisas e finas manteñen a cor orixinal.
- e) Evitar volumes monocromos, procurando diferenciar cubertas de paramentos como mínimo.
- f) Fixar regras de coloración dos elementos arquitectónicos das fachadas coma ocos, cornixas, zócolos, etc.

7. Recomendacións sobre o tratamento das superficies, disposición das cores nas fachadas a selección de cores en polígonos industriais

A ordenación ou regulación que se determine para un polígono industrial é conveniente que preste atención, entre outros aspectos, ao cromatismo xeral da actuación a fin de conciliar a lóxica funcional e económica coa matriz territorial e paisaxística establecendo criterios homoxéneos e ligados ás particularidades do lugar e configurar unha imaxe de conxunto unitaria e harmónica.

Para a regulación do polígono debe incluír unha análise cromática rigurosa que identifique a gama cromática do lugar. seguidamente debe escollerse a estratexia de integración, que pode ir desde o mimetismo ao contraste, e definir unha gama de cores para o conxunto do polígono. É preferible seleccionar unha gama cromática reducida a un número limitado de tons, para evitar confusión e saturación visual.

Recoméndase en termos xerais favorecer as estratexias de harmonización, baseadas nas tonalidades naturais e inorgánicas similares ás do terreo e elixir cores de baixa saturación que non resulten moi rechamantes. Tamén é recomendable evitar o uso excesivo ou sistemático das tons verdes, que dificilmente acadan os matices cromáticos da vexetación, e utilizar os contrastes con moderación.



PROPOSTA DE INTEGRACIÓN. FICHA DE NÚCLEOS E ÁMBITOS PERIURBANOS E RURURBANOS

DATOS XERAIS

Localización paisaxística	Área paisaxística:	
	Comarca paisaxística:	
Ámbito da edificación	Urbano	Suburbano
	Rural	Periurbano

MATERIAIS

	Elemento	Conclusións da toma de datos			Proposta		
		Material	Remate	Textura	Material	Remate	Textura
Cerramentos	Fondos						
	Zócolos						
	Balcóns						
	Impostas						
	Cornixas						
	Recercados						
	Outros						
	Ventás						
	Portas						
	Ferraxes						
Cuberta	Reixas						
	Defensas						
	Outros						
	Cubrición						
	Limas						
	Cumios						
	Chemineas						
	Bufardas						
	Canlóns						
	Baixantes						
Exteriores	Outros						
	Valados						
	Portadas						
	Xardinaria						
	Anexos						
	Vialidade						
	Pendello						
	Outros						

Comentarios e observacións:

DEFINICIÓN CROMÁTICA POR ELEMENTO CONSTRUCTIVO

[illegible]

Comentarios e observaciones:



AVALIACIÓN CROMÁTICA GLOBAL DA CONSTRUCCIÓN

Proporción e intensidade		
Cor da composición cromática	Conclusións de toma de datos (%)	Proposta (%)
Dominante		
De mediación		
Tónica		


Combinacións do círculo cromático		
Composición	Conclusións de toma de datos (%)	Proposta (%)
Binario ou de complementarios		
Linea		
De análogos		
Triádico		
De complementarios divididos		
Tetrádico (rectangular)		
Cadrado		

Comentarios e observacións:



NOTAS EXPLICATIVAS

Proporción e intensidade da cor: refírese ao feito de que as cores, cando se relacionan nun mesmo contexto, se perciben como unha mestura que será diferente en función da súa extensión dentro da composición. Deste modo fanse os seguintes distinguos:



- **Dominante** (O fondo): é a máis neutra e a de maior extensión. A súa función é destacar as outras cores que forman parte da composición.
- **De mediación ou sub-dominante:** actúa como conciliadora e de transición entre os dominantes e normalmente sitúase no círculo cromático próxima á cor tónica.
- **Tónica ou de énfase:** polo xeral refírese a unha cor na gama complementaria da dominante e ten unha área relativamente pequena. Responde a un patrón de maior saturación en cor e supón un contraste importante en valor.

Combinacións do círculo cromático: esta análise está referida ás figuras que se debuxan sobre o círculo cromático ao enlazar entre si as diferentes cores que forman unha composición e que se corresponden con diferentes sensacións perceptivas.



Complementarios



Análogos



Triádica



Compl.Divididos



Tetradica



Cadrado

DEFINICIÓN CROMÁTICA POR ELEMENTO CONSTRUCTIVO

[illegible]

Comentarios e observacións:



AVALIACIÓN CROMÁTICA GLOBAL DA CONSTRUCCIÓN

Proporción e intensidade		
Cor da composicion cromatica	Conclusións de toma de datos (%)	Proposta (%)
Dominante		
De mediación		
Tónica		

Combinacións do círculo cromático		
Composición	Conclusións de toma de datos (%)	Proposta (%)
Binario ou de complementarios		
Linea		
De análogos		
Triádico		
De complementarios divididos		
Tetrádico (rectangular)		
Cadrado		

Comentarios e observacións:

AVALIACIÓN CROMÁTICA DA CONTORNA

Escena	Conclusións da toma de datos		
	Ton	Luminosidade	Saturación


Comentarios e observacións:

PROPOSTAS DE COMPOSICIÓN CROMÁTICAS

Binario ou de complementarios			
NCS	NCS		
Lineal			
NCS	NCS	NCS	NCS
De análogos			
NCS	NCS	NCS	
Triádico			
NCS	NCS	NCS	
De complementarios divididos			
NCS	NCS	NCS	
Tetrádico (rectangular)			
NCS	NCS	NCS	NCS
Cadrado			
NCS	NCS	NCS	NCS
Comentarios e observacións:			


NOTAS EXPLICATIVAS

Proporción e intensidade da cor: refírese ao feito de que as cores, cando se relacionan nun mesmo contexto, se perciben como unha mestura que será diferente en función da súa extensión dentro da composición. Deste modo fanse os seguintes distinguos:



- **Dominante** (O fondo): é a máis neutra e a de maior extensión. A súa función é destacar as outras cores que forman parte da composición.
- **De mediación ou sub-dominante:** actúa como conciliadora e de transición entre os dominantes e normalmente sitúase no círculo cromático próxima á cor tónica.
- **Tónica ou de énfase:** polo xeral refírese a unha cor na gama complementaria da dominante e ten unha área relativamente pequena. Responde a un patrón de maior saturación en cor e supón un contraste importante en valor.

Combinacións do círculo cromático: esta análise está referida ás figuras que se debuxan sobre o círculo cromático ao enlazar entre si as diferentes cores que forman unha composición e que se corresponden con diferentes sensacións perceptivas.



Exemplos de composicións formadas a partir das cores da cobertura do chan e as diferentes combinacións xeométricas xurdidas do círculo cromático.



[Firma manuscrita]

PROPOSTA DE INTEGRACIÓN. CARTA DE CORES E MATERIAIS

DATOS XERAIS

Localización paisaxística	Área paisaxística:		
	Comarca paisaxística:		
Ámbito da edificación	Urbano	Suburbano	
	Rural	Periurbano	

CORES

Zócolos, basamentos e plantas baixas

Código NCS	Código NCS	Código NCS	Código NCS
Código NCS	Código NCS	Código NCS	Código NCS
Código NCS	Código NCS	Código NCS	Código NCS

Fondos e panos cegos de fachada

Código NCS	Código NCS	Código NCS	Código NCS
Código NCS	Código NCS	Código NCS	Código NCS
Código NCS	Código NCS	Código NCS	Código NCS

Recercados e resaltes dos ocos

Código NCS	Código NCS	Código NCS	Código NCS
Código NCS	Código NCS	Código NCS	Código NCS
Código NCS	Código NCS	Código NCS	Código NCS

Resaltos de fachada e elementos ornamentais (impostas, cornixas)

Código NCS	Código NCS	Código NCS	Código NCS
Código NCS	Código NCS	Código NCS	Código NCS
Código NCS	Código NCS	Código NCS	Código NCS



[Handwritten signature]

Carpintaría (ventás, portas)

Código NCS	Código NCS	Código NCS	Código NCS
Código NCS	Código NCS	Código NCS	Código NCS
Código NCS	Código NCS	Código NCS	Código NCS

Sistemas de protección dos ocos (contraventás, persianas)

Código NCS	Código NCS	Código NCS	Código NCS
Código NCS	Código NCS	Código NCS	Código NCS
Código NCS	Código NCS	Código NCS	Código NCS

Cerrallaría (defensas, reixas, balcóns)


Código NCS	Código NCS	Código NCS	Código NCS
Código NCS	Código NCS	Código NCS	Código NCS
Código NCS	Código NCS	Código NCS	Código NCS



Comentarios e observacións:

MATERIAIS



Zócolos, basamentos e plantas baixas

			
Denominación: Remate: Textura:	Denominación: Remate: Textura:	Denominación: Remate: Textura:	Denominación: Remate: Textura:
			
Denominación: Remate: Textura:	Denominación: Remate: Textura:	Denominación: Remate: Textura:	Denominación: Remate: Textura:


Fondos e panos cegos de fachada

			
Denominación: Remate: Textura:	Denominación: Remate: Textura:	Denominación: Remate: Textura:	Denominación: Remate: Textura:
			
Denominación: Remate: Textura:	Denominación: Remate: Textura:	Denominación: Remate: Textura:	Denominación: Remate: Textura:

Recercados e resaltes dos ocos

			
Denominación: Remate: Textura:	Denominación: Remate: Textura:	Denominación: Remate: Textura:	Denominación: Remate: Textura:
			
Denominación: Remate: Textura:	Denominación: Remate: Textura:	Denominación: Remate: Textura:	Denominación: Remate: Textura:


Resaltes de fachada e elementos ornamentais (impostas, cornixas)

			
Denominación: Remate: Textura:	Denominación: Remate: Textura:	Denominación: Remate: Textura:	Denominación: Remate: Textura:
			
Denominación: Remate: Textura:	Denominación: Remate: Textura:	Denominación: Remate: Textura:	Denominación: Remate: Textura:





[Handwritten signature]

Carpintaría (ventás, portas)

			
Denominación: Remate: Textura:	Denominación: Remate: Textura:	Denominación: Remate: Textura:	Denominación: Remate: Textura:
			
Denominación: Remate: Textura:	Denominación: Remate: Textura:	Denominación: Remate: Textura:	Denominación: Remate: Textura:

Sistemas de protección dos ocos (contraventás, persianas)

			
Denominación: Remate: Textura:	Denominación: Remate: Textura:	Denominación: Remate: Textura:	Denominación: Remate: Textura:
			
Denominación: Remate: Textura:	Denominación: Remate: Textura:	Denominación: Remate: Textura:	Denominación: Remate: Textura:

Cerrallaría (defensas, reixas, balcóns)

			
Denominación: Remate: Textura:	Denominación: Remate: Textura:	Denominación: Remate: Textura:	Denominación: Remate: Textura:
			
Denominación: Remate: Textura:	Denominación: Remate: Textura:	Denominación: Remate: Textura:	Denominación: Remate: Textura:

Comentarios e observacións:





PROPOSTA DE INTEGRACIÓN. CARTA DE COMBINACIÓN ENTRE CORES E MATERIAIS

DATOS XERAIS

Localización paisaxística	Área paisaxística:	
	Comarca paisaxística:	
Ámbito da edificación	Urbano	Suburbano
	Rural	Periurbano

COMBINACIÓNS RECOMENDADAS DE CORES E MATERIAIS

Elemento construtivo:					
	Comentarios e observacións:				
	Características da composición e das cores:				
	Esquema de cor sobre o círculo cromático:				
	Opostos	Análofos	Triádrico	Complem.divid.	Tetrádrico
	Cadrado				
Características das cores:					
	Dominante		Sub-dominante		Tónica
Comp. Escena (%)					
Luminosidade rango					
Saturación (rango)					

Elemento construtivo:					
	Comentarios e observacións:				
	Características da composición e das cores:				
	Esquema de cor sobre o círculo cromático:				
	Opostos	Análofos	Triádrico	Complem.divid.	Tetrádrico
	Cadrado				
Características das cores:					
	Dominante		Sub-dominante		Tónica
Comp. Escena (%)					
Luminosidade rango					
Saturación (rango)					

Observacións: O diagrama de combinación pretende servir de base para explorar as distintas combinacións posibles entre materiais e cores dentro dun elemento construtivo. Admite a súa adaptación e/ou modificación en función das distintas variables que manexe cada proposta.

ANEXO IV

ORZAMENTO

<i>Accións</i>	<i>Número</i>	<i>Custe unitario</i>	<i>Total</i>
Convocatoria do concurso polo COAG	1	6.050,00	6.050,00
Contrato para o desenvolvemento da guía nunha área A e nunha área B	4	30.250,00	121.000,00
Contrato para o desenvolvemento da guía en dúas áreas B	2	18.150,00	36.300,00
Total orzamento (IVE incluído)			163.350,00

Desglose do orzamento de cada actuación:

Convocatoria do concurso polo COAG				
<i>Concepto</i>	<i>Horas</i>	<i>Prezo hora</i>	<i>IVA</i>	<i>Total</i>
Desenvolvemento da convocatoria	83,33	60,00	21%	6.050,00

Contrato para o desenvolvemento da guía nunha área A e nunha área B				
<i>Concepto</i>	<i>Horas</i>	<i>Prezo hora</i>	<i>IVA</i>	<i>Total</i>
Recollida de información	208,33	60,00	21%	15.125,00
Tratamento dos datos e presentación	104,17	60,00	21%	7.562,50
Proposta de cartas de cores e materiais	104,17	60,00	21%	7.562,50
Total				30.250,00

Contrato para o desenvolvemento da guía en dúas áreas B				
<i>Concepto</i>	<i>Horas</i>	<i>Prezo hora</i>	<i>IVA</i>	<i>Total</i>
Recollida de información	125,00	60,00	21%	9.075,00
Tratamento dos datos e presentación	62,50	60,00	21%	4.537,50
Proposta de cartas de cores e materiais	62,50	60,00	21%	4.537,50
Total				18.150,00



[Handwritten signature]